



# PLAN DIXITAL

## CEIP Coirón-Dena

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## **1** **Introdución**

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

## **2** **Situación de partida**

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

## **3** **Plan de Acción**

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## **4** **Avaliación do PD**

## **5** **Difusión do PD**

# 1 Introducción

## 1.1 Datos básicos do centro

Nome do cento: CEIP Coirón Dena  
Dirección: Rúa dos Colexios n.º6, 36967 Meaño, Pontevedra  
Correo electrónico: ceip.coiron.dena@edu.xunta.es  
Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoirondena/>  
Etapas educativas: Educación Infantil e Primaria  
Número de alumnos: 121  
Número de alumnas: 113

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Atopámonos nunha zona rural onde a poboación presenta de forma xeral un nivel socioeconómico e cultural baixo. Moitos dos pais e nais traballan no campo e na hostalaría (en temporada alta), unha boa parte das familias teñen pequenas empresas que ofrecen servizos de fontanería, electricidade, pintura... Sendo empresas con un ou dous traballadores normalmente da mesma familia.
- Fai uns anos no noso colexio impulsouse a formación dixital e todo o claustro se implicou nun curso de formación “custe cero” na que os formadores eran mestres/as do claustro que compartiron co demais o que facían ou sabían facer. Resultado disto foi un cambio na maioría de nós cara a un maior aproveitamento das ferramentas dixitais e tamén a dar maior difusión e transparencia ao que se facía no cole a través da web e dunha serie de blogues que xestionaban varias docentes do colexio. Por outra banda o CEIP Coirón-Dena sempre participa en tres ou catro Proxectos Programa cada curso, e no Plan Proxecta
- Dende que se deron a coñecer o noso centro participa todos os cursos en plans de innovación educativa: varios Contratos- programa, Plan Proxecta, E-Dixgal, Plambe... Tamén temos seccións bilingües e participamos activamente en Voz Natura
- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23: De cara ao curso 22/23 o Plan Dixital vai supoñer un PFPP para o aprendizaxe de uso de ferramentas dixitais e suporá tamén o ter que pedir formación para o alumnado e deseño de actividades nas que demostren as súas aprendizaxes neste eido. Tamén deberemos a través da CCP distribuír por niveis o que o alumnado debe dominar ao remate de cada curso con respecto as aprendizaxes dixitais o que se integrará nas nosas programacións.

## 1.3 Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## 1.4 Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan constituímos un Grupo de Traballo integrado pola directora, a coordinadora de Tics e 3 mestres/as mais. Fixéronse reunións informativas para todo o profesorado para explicarlles o proceso de elaboración do Plan Dixital, como cubrir os distintos cuestionarios e para facer unha chuvia de ideas con respecto ao DAFO.

O grupo de traballo fixo varias reunións para elaborar as preguntas do centro para o cuestionario SELFIE, os obxectivos do PD e a preparación deste documento.

O calendario de actuacións levadas a cabo foron as seguintes:

- Novembro 2021: Posta en marcha do plan co contacto do Asesor ADIX cos centros.
- Decembro 2021: Configuración e envío do SELFIE nos centros educativos.
- Febreiro 2022: Test de Competencia Dixital Docente por parte do profesorado.
- Marzo 2022: Realización da matriz DAFO, recompilación de datos e reflexión.
- Abril-Maio 2022: Definición de obxectivos e Plan de Acción.
- Xuño 2022: Deseño do PlanDixital e presentación da versión 1.0.

## 2 Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Coirón Dena, obxecto de aplicación deste Plan, conta coa seguinte infraestrutura, equipamento e servizos dixitais:

Infraestrutura dixital:

O Centro conta cunha rede LAN cableada que chega a tódalas dependencias da mesma, que contan con, alomenos, un conector de parede para a conexión por cable.

O centro posúe tamén dúas redes inalámica – Wifi -que dan cobertura á totalidade do centro (agás ó pavillón, con SSID oculto e contrasinal, que permite a conexión a calquera usuario da comunidade escolar, que conte cos datos de acceso. A outra rede inalámica, correspondese coa rede “Abalar-Edixgal”, poden conectarse os equipos E-dixgal do alumnado, profesorado e aula, así como o profesorado coas súas credenciais de acceso corporativas (edu.xunta.gal) en calquera equipo.

No armario de comunicacións, ademais dos respectivos RAC para as redes mencionadas, cóntase cun servidor de rede denominado “Servidor Abalar”, que forma parte do equipamento das aulas Edixgal (Abalar). Este ademais de ser servidor de contidos cumpre as funcións de NAT para a citada rede wifi E-dixgal.

Equipamento dixital:

O centro conta co seguinte equipamento dixital correspondente ás aulas Edixgal:

| Denominación                          | Unidades | Localización                  | Usuarios                                  | Finalidade |
|---------------------------------------|----------|-------------------------------|---|------------|
| <b>Portátiles Edixgal alumnado</b>    | 56       | Aula de 5º e 6º e domicilios  | Alumnado de aulas Edixgal                 | Docencia   |
| <b>Portátiles Edixgal profesorado</b> | 7        | Aulas de 5º e 6º e domicilios | Profesorado con docencia en aulas Edixgal | Docencia   |
| <b>Portátiles Edixgal</b>             | 3        | Aula de 5º e 6º               | Titoras – aula                            | Docencia   |

|                       |   |                 |              |          |
|-----------------------|---|-----------------|--------------|----------|
| <b>de aula</b>        |   |                 | Edixgal      |          |
| <b>Carro de carga</b> | 2 | Aula de 5º e 6º | Aula Edixgal | Docencia |
| Proxector + pizarra   | 4 | Aula de 5º e 6º | Aula Edixgal | Docencia |

O centro conta co seguinte equipamento dixital en dependencias que non son aulas Edixgal.

| Denominación                   | Unidades | Localización                     | Usuarios                       | Finalidade                  |
|--------------------------------|----------|----------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|
| <b>Equipos portátiles</b>      | 5        | Almacén para uso discrecional    | Alumnado<br>Profesorado        | Docencia                    |
|                                | 5        | Aulas                            | profesorado                    | Docencia                    |
|                                | 1        | Salón de Actos                   | Profesorado                    | Docencia                    |
|                                | 6        | Biblioteca                       | Usuarios da biblioteca         | Consulta                    |
| <b>Equipos sobremesa</b>       | 16       | Aulas                            | Alumnado e profesorado         | Docencia                    |
|                                | 4        | Despachos                        | Equipo directivo e orientación | Administración              |
|                                | 2        | Sala de mestres/as               | Profesorado                    | Docencia                    |
|                                | 2        | Biblioteca                       | Profesorado administrador      | Administración/catalogación |
|                                | 12       | Aula informática                 | Alumnado e profesorado         |                             |
| <b>Tabletas</b>                | 11       | Despacho dirección e orientación | Alumnado                       | Docencia                    |
| <b>EDI</b>                     | 22       | Aulas                            | Aula                           | Docencia                    |
| <b>Proxector</b>               | 22       | Aulas                            | Aula                           | Docencia                    |
| <b>Equipos “Educa dixital”</b> | 8        | Despacho dirección               | Alumnado con fenda dixital     | Docencia                    |

Servizos dixitais:

O centro participa no proxecto “Webs dinámicas” , da Consellería de Educación, polo que conta con:

- Páxina web (Drupal) no enderezo:  
<http://www.edu.xunts.gal/centros/ceipcoirondena>
- Galería fotográfica, nos distintos blogs do centro:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoirondena/node/962>
- Canales de Vimeo e Youtube con videoclips, montaxes e videocontos feitos no centro  
<https://vimeo.com/user22428465>  
<https://www.youtube.com/user/colexiocoiron>
- Aula Virtual (Moodle) no enderezo:  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoirondena/aulavirtual/>

- Como centro E-Dixgal, contamos cun Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA), ofertado polo citado proxecto, accesible no enderezo: <https://eva.edu.xunta.gal>

Temos acceso tamén ó uso doutras ferramentas corporativas como son: Abalar Móbil, Espazo Abalar, Abalar Box, Ageiro, Falamos... así como a Webex como sistema de vídeoconferencias.

O equipamento do centro e o seu mantemento corre a cargo da UAC (Unidade de Atención a Centros), naqueles casos en que foron remitidos dende a administración.

No caso do equipamento mercado polo propio centro o mantemento deste corre a cargo, nun primeiro momento, do coordinador TIC E-dixgal quen, no caso de non poder solventalo tramita a reparación no correspondente servizo técnico.

No caso do equipamento correspondente ó proxecto E-dixgal, o mantemento deste corre a cargo do “Soporte Premium”, sendo o coordinador E-dixgal o responsable de facer os trámites pertinentes ante o servizo. No caso dos equipos do alumnado, se ben as familias son as responsables de facer esa tramitación, desde o centro ofrécese orientación e mediación na comunicación co soporte de ser preciso.

O equipamento do centro, polo xeral, está bastante obsoleto, precisa a renovación de moitas unidades (PCs, pizarras dixitais e proxectores). Ao longo dos últimos anos o centro foi facendo fronte ás necesidades máis urxentes, adquirindo algúns equipos con cargo aos seus gastos de funcionamento.

As tablets, agás unha adquirida este curso, están fóra de servizo.

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE, incluimos a información do resumo das áreas do informe SELFIE da educativa na seguinte táboa:

| Áreas  | Grupos         | Ensinanzas |
|--|----------------|------------|
|  |                | Primaria   |
| <b>A -Liderado</b>                             | Equipo Direct. | 3,1        |
|  | Profesorado    | 3,3        |
|  | Alumnado       | --         |
| <b>B- Colaboración e redes</b>                 | Equipo Direct. | 3          |
|  | Profesorado    | 3,3        |
|  | Alumnado       | 3,6        |
| <b>C- Infraestruturas e Equipos</b>            | Equipo Direct. | 3,3        |
|  | Profesorado    | 3,3        |
|  | Alumnado       | 4,2        |
| <b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b> | Equipo Direct. | 3,9        |
|  | Profesorado    | 3,7        |
|  | Alumnado       | --         |
| <b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>          | Equipo Direct. | 3,6        |
|  | Profesorado    | 3,5        |
|  | Alumnado       | --         |
| <b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>    | Equipo Direct. | 3,3        |
|  | Profesorado    | 3,4        |
|  | Alumnado       | 3,4        |
| <b>G- Prácticas de avaliación</b>              | Equipo Direct. | 2,7        |
|  | Profesorado    | 3          |
|  | Alumnado       | --         |
| <b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>    | Equipo Direct. | 3          |
|  | Profesorado    | 3,2        |
|  | Alumnado       | 3,9        |

Test CDD, incluimos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén incluimos a táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### Participación segundo perfil do profesorado

|                    | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| <b>DEFINITIVO</b>  | 12                            | 15                    | 80%             |
| <b>PROVISIONAL</b> | 1                             | 4                     | 25%             |
| <b>INTERINO</b>    | 2                             | 5                     | 40%             |
| <b>SUBSTITUTO</b>  | 2                             | 3                     | 66,7%           |
| <b>DESPRAZADO</b>  | 0                             | 0                     | 0               |

### Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 75,9                                 | Integrador/a (B1)    | 76,4  | Integrador/a (B1)               |

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

|                 | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-----------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| <b>Primaria</b> | 91                                   | Integrador/a(B1)     | 77,3  | Integrador/a                    |
| <b>Infantil</b> | 49,5                                 | Explorador/a (A2)    | 66,2  | Integador/a                     |

### Distribución do profesorado por niveis

|              | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| <b>A1</b>    | 2   | 11,8%                                     |
| <b>A2</b>    | 5   | 29,4%                                     |
| <b>B1</b>    | 5   | 29,4                                      |
| <b>B2</b>    | 2   | 11,8%                                     |
| <b>C1</b>    | 3   | 17,6%                                     |
| <b>C2</b>    |   |   |
| <b>TOTAL</b> | 17  | 100,00%                                   |

## 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS          |                                    | FORTALEZAS   | DEBILIDADES  |
|-------------------|------------------------------------|--|--|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Dispositivos dixitais para o ensino: EDIXGAL en 5º e 6º e todas nas demais aulas existencia de pantalla dixital, proxector e PC.</li> <li>➤ Acceso a internet en todos os espazos do centro.</li> <li>➤ No noso centro o alumnado con NEAE ten acceso a tecnoloxías de apoio.</li> <li>➤ Temos algún dispositivos portátiles que o alumnado pode levar á casa en caso de</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Cortes no acceso a internet e baixa velocidade o que dificulta o traballo nas aulas equipadas con EDIXGAL.</li> <li>➤ Traer o propio dispositivo coa excepción do alumnado EDIXGAL aos demais non se lle permite polas normas do centro e moito alumnado non ten dispositivos propios.</li> <li>➤ Saturación dos puntos de acceso WIFI das aulas Abalar.</li> </ul> |

|                            |  |  |
|----------------------------|--|--|
|                            | <p>necesidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Servizo técnico externo contratado para solucionar as incidencias informáticas.</li> <li>➤ Bo funcionamento de rede e de equipos en xeral.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Debilidade de soporte nas redes.</li> <li>➤ Falta de renovación dos equipos, especialmente dalgúns portátiles.</li> <li>➤ Material informático en obsoleto en desuso que se pode renovar e darlle outro uso, por exemplo como ordenador para a consulta dos estudantes nas aulas ordinarias.</li> <li>➤ Barreiras arquitectónicas.</li> <li>➤ Edificios antigos que precisan constantemente melloras, arranxos e inversións.</li> </ul>   |
| <b>PERSOAL DOCENTE</b>     | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Moita vontade de mellorar a competencia dixital que se reflicte na gran participación no desenvolvemento profesional continuo.</li> <li>➤ Recoñece unha boa parte do profesorado que precisan dun desenvolvemento profesional continuo.</li> <li>➤ Gran capacidade de adaptación ás necesidades individuais do alumnado.</li> <li>➤ Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe.</li> <li>➤ Uso de novas modalidades de ensino.</li> <li>➤ Utilización de recursos educativos en liña axeitados nas distintas materias.</li> <li>➤ Boa xestión do equipo directivo que facilita un bo ambiente de traballo.</li> <li>➤ Vontade e capacidade de funcionar como un equipo.</li> <li>➤ Boa disposición para o traballo e para a atención do alumnado. Profesorado consciente de que debe respectar os dereitos de autor e as licenzas de uso.</li> <li>➤ Bo ambiente de traballo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Non temos unha estratexia dixital clara.</li> <li>➤ Non usamos apenas ferramentas dixitais nos procesos de avaliación.</li> <li>➤ Escasa colaboración en rede.</li> <li>➤ Falta de intercambio de experiencias con outros centros e entre nós.</li> <li>➤ Poucas veces debatemos sobre o uso da tecnoloxía.</li> <li>➤ Poucos mestr@s se senten capacitados para crear recursos dixitais.</li> <li>➤ Escaso fomento da creatividade.</li> <li>➤ Pouco emprego de proxectos interdisciplinarios.</li> <li>➤ Escasa competencia dixital (maioría de integradores). Elevado número de profesorado provisional.</li> <li>➤ Pouca iniciativa por parte do profesorado.</li> <li>➤ Lentitude para adaptarnos aos cambios sociais novidosos e integrais na práctica docente.</li> <li>➤ Moitos anos con equipos directivos impostos por inspección, sen proxecto educativo.</li> </ul> |
| <b>PERSOAL NON DOCENTE</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Ben dispostos sempre a colaborar no que se lles pide.</li> <li>➤ Coñecedores do seu traballo, profesionalidade.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Factor influente nas relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa.</li> </ul>  |
| <b>ALUMNADO</b>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ O noso alumnado aprende a actuar de forma segura e responsable en internet</li> <li>➤ Boa disposición e motivado para o aprendizaxe dixital e todo aquilo que sexa novidoso.</li> <li>➤ Pacífico e próximo. Alegre e participativo.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Baixa competencia dixital. Abuso do uso das tecnoloxías para o lecer pero pouco uso para a aprendizaxe.</li> <li>➤ Moitos deles nos posúen medios tecnolóxicos axeitados na súa casa nin conexión a internet.</li> <li>➤ Non se lles ensina a programar e/ou codificar.</li> <li>➤ Descoñecemento do manexo dos sistemas operativos máis comúns. Windows e MacOs.</li> <li>➤ Casos de adicción, móbiles, videoxogos e televisión como única alternativa de ocio.</li> <li>➤ Importante número de alumnado con dificultades de aprendizaxe.</li> <li>➤ Ratio, nalgúnhas aulas, moi elevada</li> </ul>  |
| <b>FAMILIAS</b>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Temos Escola de Familias</li> <li>➤ A nivel xeral, ampla participación das familias nas actividades propostas polo centro.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Baixo nivel sociocultural: brecha dixital.</li> <li>➤ Mal uso das redes sociais.</li> <li>➤ Escaso control parental nalgúns casos.</li> <li>➤ Rexeitamento, nalgúns casos, de innovacións educativas coma o Edixgal.</li> <li>➤ Pouca implicación nas necesidades dos /das fillos/as, noutros casos</li> <li>➤ .Baixa participación na escola de familias.</li> </ul>   |
| <b>OFERTA</b>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A existencia da posibilidade de facer formación á nosa demanda a través de PFPP, seminarios e cursos.</li> <li>➤ Escasa, case inexistente dotación de equipos informáticos á excepción das aulas EDIXGAL.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A oferta formativa case nunca se axusta ás nosas necesidades, carente de recursos prácticos e non ten en conta os niveis do profesorado.</li> <li>➤ Escasa oferta de actividades extraescolares para o alumnado.</li> <li>➤ Falta moita atención á diversidade real nas plataformas educativas que nos ocupan. Sería interesante que no moodle aparecesen de xeito rápido e intuitivo opcións tan interesantes como insertar pictos, escoitar</li> </ul>  |



|  |                               |  |   |
|--|-------------------------------|--|---|
|  |                               |  | <p>texto, etc. ou que nos formaran para facelo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ A oferta formativa debería ser máis específica: cursos concretos para atender ás necesidades de cadaquén, prácticos e pouco farragosos.</li> <li>➤ Deberíase dispoñer dun banco de imaxes, sons básicos, vídeos, contos, audiocontos, vídeo contos, vídeos informativos, adaptados a diversos niveis e para todos, etc. libre e exhaustivo, para cada materia, a nivel corporativo.</li> <li>➤ Debería haber en Platega máis formación en aberto non titorizada ou, polo menos, os materiais/guións/resultados dos cursos titorizados que xa tiveron lugar para poder, polo menos, consultar pequenas dúbidas e enriquecerse.</li> </ul> |
|  | <b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Organización de dúas liñas de PFPP case todos os cursos e incluso algún seminario ou curso paralelamente.</li> <li>➤ O equipo directivo é facilitador e motivador da formación.</li> <li>➤ Boa comunicación interna empregando medios tecnolóxicos.</li> <li>➤ No noso centro existen sistemas de protección de datos.</li> <li>➤ Foméntase o intercambio de experiencias na comunidade educativa sobre a ensinanza dixital.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Falta tempo para formarse tanto en TICS como noutras competencias.</li> <li>➤ Falta de tempo para o debate e para compartir experiencias e aprendizaxes.</li> </ul>  |

| EXTERNOS          |                                 | OPORTUNIDADES  | AMEAZAS   |
|-------------------|---------------------------------|--|---|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Existencia no centro de Edixgal en 5º e 6º curso.</li> <li>➤ Existencia de recursos educativos en liña.</li> <li>➤ Oportunidades de aprendizaxe á medida a través dos PFPP e oferta formativa on-line.</li> <li>➤ Ampla oferta de programas educativos que o centro pode pedir.</li> <li>➤ Persoas asesoras dos CFR, do CAFI e da Consellería dispostas a solucionar posibles dúbidas ou pequenas consultas sobre equipos e aplicacións oficiais corporativas que poidan xurdir.</li> <li>➤ Disponibilidade de certos recursos gratuitos en aberto para a auto formación dixital.</li> <li>➤ Boa relación coa inspección educativa actual.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Excesiva carga burocrática</li> <li>➤ Web pouco funcional.</li> <li>➤ Atención pouco inmediata para solucionar todo tipo de incidencias.</li> <li>➤ Pouca planificación e control da formación permanente do profesorado.</li> <li>➤ Excesiva carga de traballo para cada inspectora ou inspector. Insuficiente liberación horaria como para compatibilizar o traballo diario e correspondente á profesión, coa necesidade de formación para actualizarse, dominar as plataformas e recursos dixitais a empregar e crear contidos educativos propios.</li> <li>➤ O certo abandono das familias por parte da Administración, ao non ter en conta que a nova realidade exige das mesmas unha alfabetización dixital e un dominio de plataformas, aplicacións e outros recursos dixitais para o que non todas as familias están preparadas.</li> <li>➤ A necesidade de estar en localizacións interiores e entre dispositivos electrónicos, radiación, etc. provocada pola evolución dixital.</li> <li>➤ Ausencia de infografías oficiais intuitivas, accesibles e eficientes nas que se informe a toda a comunidade educativa sobre cuestións de especial relevancia.</li> <li>➤ Currículo excesivo para primaria.</li> <li>➤ Obrigatoriedade de elaboración de demasiados plans, proxectos...</li> <li>➤ Nomeamento de cargos directivos que teñen que asumir ao mesmo tempo as súas titorías.</li> </ul> |
|                   | <b>LEXISLACIÓN</b>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Sensibilizada coa vulnerabilidade da sociedade (diversidade, convivencia, non violencia e igualdade).</li> <li>➤ Consulta fácil.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Constantes cambios normativos.</li> <li>➤ Pouco atractiva e accesible para a súa lectura.</li> <li>➤ Pouco resolutiva. Pouco realista e sen ideas claras de como levala á práctica.</li> <li>➤ Falta de formación preparatoria do profesorado e orzamento necesario para aplicar en tempo e forma novas lexislacións.</li> </ul>   |

|                         |  |  |
|-------------------------|--|--|
|                         |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Desprotección do profesorado e do alumnado ante un mal uso dos recursos por parte doutros membros</li> <li>➤ Déficit na lexislación sobre protección de datos de índole persoal referente á casuística concreta do mundo dixital no Ensino.</li> <li>➤ Faltan programas para o alumnado con NEAE.</li> <li>➤ ROCs obsoletos.</li> </ul> |
| <b>CONTORNA</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Tranquila, que permite saídas ao exterior con desprazamentos a pé.</li> <li>➤ Verde, moita natureza. Gran variedade de ecosistemas. Rutas de sendeirismo. Moita variedade paisaxística.</li> <li>➤ Moito patrimonio natural, histórico..</li> <li>➤ Empresas, fábricas...que permiten aprendizaxes dos traballos relevantes da economía do concello.</li> <li>➤ Existencia de punto limpo.</li> <li>➤ Existencia de Escola de Música moi activa.</li> <li>➤ Construción dun auditorio.</li> <li>➤ Bastantes instalacións deportivas variadas. As características e a boa comunicación da zona fan que sexa ben accesible tanto o centro educativo (para instalación, reparación, formación, etc.) como os domicilios das familias.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Rural, con conectividade baixa</li> <li>➤ Contaminación química (sulfatos, emisións de fábricas...)</li> <li>➤ Pouca implicación social na reciclaxe.</li> <li>➤ Falta de oferta formativa despois da ESO.</li> <li>➤ Pouca oferta cultural.</li> </ul>   |
| <b>ANPA</b>             | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Fonte de recursos.</li> <li>➤ Peso das súas demandas ante a administración.</li> <li>➤ ANPA moi colaboradora con membros moi creativos e entusiastas.</li> <li>➤ Dispoñen dun espazo propio no centro</li> <li>➤ Organizan actividades extraescolares e estas son moi novidosas</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Escasa oferta de actividades extraescolares.</li> <li>➤ Algunhas veces uso inadecuado das súas funcións</li> <li>➤ Poucos membros</li> </ul>  |
| <b>OUTRAS ENTIDADES</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Un concello que apoia as actividades e propostas do centro.</li> <li>➤ Varias asociacións culturais e deportivas que teñen peso na comunidade e que naceron no noso centro fai moitos anos. Moitos artistas locais ben dispostos a colaborar co centro.</li> <li>➤ Plan Director impartido pola Garda Civil que forma ao alumnado no bo uso dos medios dixitais e os perigos dos mesmos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Mala organización laboral do persoal do concello.</li> </ul>  |

### 3 Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidiranse obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Para confeccionar o DAFO contamos coas aportacións de todo o profesorado. Posteriormente o Grupo de Traballo fixo unha selección desas aportacións tendo en conta tamén o análise cuantitativo do noso SELFIE, fixándonos sobre todo en que áreas obtivemos as notas mais baixas, debatemos sobre a que se deben esas notas e fomos tomando nota daqueles obxectivos que todo o claustro e nós consideramos prioritarios e factibles para o vindeiro curso.

As áreas prioritarias de intervención son: Liderado, Colaboración e redes, Infraestruturas e equipamento e Desenvolvemento profesional continuo.

Para cada un establecemos o obxectivo prioritario sendo realistas e intentado dar resposta ao que o claustro demanda. Quedando cos seguintes obxectivos:

- 1 Establecer os estándares de aprendizaxe por nivel con respecto ao aprendizaxe dixital do alumnado
- 2 Colaborar con outras entidades para que o alumnado aprenda a protexerse nos uso das redes sociais e ser críticos coa información presente nos medios dixitais.
- 3 Inventariar e optimizar os medios tecnolóxicos do centro.
- 4 Mellorar a competencia do profesorado na creación de contidos dixitais

Para cada obxectivo establecemos un indicador observable e facilmente medible, determinamos os responsables, a temporización e os recursos necesarios (ver táboas).

#### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta as nosas infraestruturas as nosas necesidades mais urxentes son:

Na Infraestrutura dixital:

Solventar os continuos cortes e baixo rendemento da conectividade nas aulas EDIXGAL

Nas outras aulas nas que falla a wifi e o cableado tampouco vai ben, sería preciso revisar e solucionar os problemas.

No Equipamento:

Substituír os equipos obsoletos, proxectores e pizarras que xa non son operativas, nas aulas de cada grupo, na aula de informática, nos despachos, no salón de actos e na biblioteca. Todos eles son precisos para fins educativos e de xestión e administración do centro.

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| <b>Área/s de mellora: Liderado</b>                              |   |                          |  |  |                    |  |
|---|---|--------------------------|--|--|--------------------|--|
| <b>OBXECTIVO 1 :</b>  | Establecer os estándares de aprendizaxe por nivel con respecto ao aprendizaxe dixital do alumnado |                          |  |  | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>   | Equipo Directivo e CCP  |                          |  |  | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>                                | Documento que recolla esta gradación por nivel para incluír nas programacións                     |                          |  |  |                    |  |
| <b>Valor de partida</b>   | Non existen estándares nas programacións respecto ao aprendizaxe dixital do alumnado              |                          |  |  |                    |  |
| <b>Valor previsto e data</b>                                    | Todas as programacións teñen estándares respecto ao aprendizaxe dixital do alumnado               |                          |  | Setembro 2022  |                    |  |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>                                    |   |                          |  |  |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN</b>   | <b>RESPONSABLES</b>   | <b>DATA PREVISTA FIN</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS</b>                   | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>                         |                    |  |
|   |   |                          |  | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>                          | <b>ESTADO</b>      |  |
| <b>A0 1.1: Selección dos estándares de aprendizaxe dixital</b>  | Equipo Directivo e CCP  | Setembro 2022            | Equipo informático<br>Currículo de Primaria  | Documento que recolla a selección dos estándares     | <b>Realizada</b>   |  |
|   |   |                          |  |  | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |   |                          |  |  | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A0 1.2: Secuenciar os estándares por nivel</b>               | Equipo Directivo e CCP  | Setembro 2022            | Equipo informático<br>Currículo de Primaria  | Documento que recolla a secuenciación dos estándares | <b>Realizada</b>   |  |
|   |   |                          |  |  | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |   |                          |  |  | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>A0 1.3: Reflectir o resultado nas programacións de nivel</b> | Mestres e mestras   | Setembro 2022            | Equipo informático<br>Programacións de nivel | Redacción dos estándares nas programacións           | <b>Realizada</b>   |  |
|   |   |                          |  |  | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |   |                          |  |  | <b>Pendente</b>    |  |

| <b>Área de mellora: Colaboración e redes</b>  |  |                          |   |                              |                  |                    |  |
|---|--|--------------------------|---|------------------------------|------------------|--------------------|--|
| <b>OBXECTIVO 2:</b>   | Colaborar con outras entidades para que o alumnado aprenda a protexerse nos uso das redes sociais e ser críticos coa información presente nos medios dixitais. |                          |   |                              |                  | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>   | Coordinador/a do 3º Ciclo e Coordinador/a TIC  |                          |   |                              |                  | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>  | Número de colaboracións con outras entidades   |                          |   |                              |                  |                    |  |
| <b>Valor de partida</b>   | 1 colaboración no curso 21/22  |                          |   |                              |                  |                    |  |
| <b>Valor previsto e data</b>  | 3 colaboracións no curso 22/23   |                          |   |                              | Xuño 2023        |                    |  |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>  |  |                          |   |                              |                  |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN</b>   | <b>RESPONSABLES</b>  | <b>DATA PREVISTA FIN</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS</b>  | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b> |                  |                    |  |
|   |  |                          |   | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>  | <b>ESTADO</b>    |                    |  |
| <b>AO 2.1: Constituir un equipo de traballo</b>   | Coordinador/a TIC  | Setembro 2022            | Acta  | Creación da acta             | <b>Realizada</b> |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 2.2: Participar no programa Plan Director e Navega con Rumbo para a convivencia e mellora da seguridade</b>                 | Equipo de traballo   | Xuño 2023                | Salón multiusos<br>Ponentes   | Enquisa de satisfacción      | <b>Realizada</b> |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 2.3: Participar en actividades,... encamiñadas a coñecer os perigos da navegación para alumnado, profesorado e familias</b> | Equipo de traballo   | Xuño 2023                | Espazos do Centro<br>Equipos informáticos                                     | Informe de participación     | <b>Realizada</b> |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 2.4: Poñer en práctica actividades para aplicar o coñecemento no bo uso de internet</b>                                     | Titores  | Xuño 2023                | Equipos informáticos<br>Materiais elaborados<br>Cuestionarios<br>Aula Virtual | Resultado do cuestionario    | <b>Realizada</b> |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|   |  |                          |   |                              | <b>Pendente</b>  |                    |  |

| <b>Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos</b>   |  |                          |                                       |  |                  |                    |  |
|--|--|--------------------------|---------------------------------------|--|------------------|--------------------|--|
| <b>OBXECTIVO 3:</b>  | Inventariar e optimizar os medios tecnolóxicos do centro |                          |                                       |  |                  | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>  | Coordinador/a TIC  |                          |                                       |  |                  | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>   | Valoración positiva na enquisa final                     |                          |                                       |  |                  |                    |  |
| <b>Valor de partida</b>  | 0% de medios tecnolóxicos inventariados e optimizados    |                          |                                       |  |                  |                    |  |
| <b>Valor previsto e data</b>   | 100% de medios tecnolóxicos inventariados e optimizados  |                          |                                       |  | Xuño 2023        |                    |  |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>   |  |                          |                                       |  |                  |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN</b>  | <b>RESPONSABLES</b>                                      | <b>DATA PREVISTA FIN</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS</b>            | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>                                   |                  |                    |  |
|  |  |                          |                                       | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>                                    | <b>ESTADO</b>    |                    |  |
| <b>AO 3.1: Pasar unha enquisa de necesidades a curbrir en todas as aulas</b>   | Coordinador/a TIC  | Outubro 2022             | Equipos informáticos<br>Enquisa       | Participación na enquisa                                       | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 3.2: Análise das necesidades a cubrir</b>  | Coordinador/a TIC e secretario/a                         | Decembro 2022            | Equipos informáticos<br>Enquisa       | Documento de recollida de datos                                | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 3.3: Redistribución dos medios e instalación ou actualización da Maqueta Abalar nos equipos que o precisen</b> | Coordinador/a TIC e secretario/a                         | Xaneiro2023              | Recursos humanos                      | Porcentaxe de medios tecnolóxicos optimizados e redistribuídos | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 3.4: Enquisa final</b>   | Coordinador/a TIC e secretario/a                         | Marzo 2023               | Equipos informáticos<br>Enquisa final | Resultados da enquisa  | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |                                       |  | <b>Pendente</b>  |                    |  |

| <b>Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo</b>               |  |                          |  |                                       |                  |                    |  |
|--|--|--------------------------|--|---------------------------------------|------------------|--------------------|--|
| <b>OBXECTIVO 4:</b>  | Mellorar a competencia do profesorado na creación de contidos dixitais |                          |  |                                       |                  | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>  | Coordinador/a TIC  |                          |  |                                       |                  | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>   | Porcentaxe do profesorado que elaboren algún novo contido dixital      |                          |  |                                       |                  |                    |  |
| <b>Valor de partida</b>  | 0% do profesorado elaboran contidos dixitais                           |                          |  |                                       |                  |                    |  |
| <b>Valor previsto e data</b>   | 80% do profesorado elaboran contidos dixitais                          |                          |  |                                       | Xuño 2023        |                    |  |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>   |  |                          |  |                                       |                  |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN</b>  | <b>RESPONSABLES</b>  | <b>DATA PREVISTA FIN</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS</b>                                       | <b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>           |                  |                    |  |
|  |  |                          |  | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN</b>           | <b>ESTADO</b>    |                    |  |
| <b>AO 4.1: Solicitar PFPP</b>  | Coordinador/a TIC  | Outubro 2022             | Equipo Informático   | Realización da solicitude             | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 4.2: Desenvolvemento do PFPP</b>                                       | Coordinador/a PFPP   | Maio 2023                | Equipos Informáticos<br>Espazo do centro                         | Participación no PFPP                 | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 4.3: Traballo individual e grupal na creación de contidos dixitais</b> | Todos e todas as participantes   | Xuño 2023                | Equipos Informáticos<br>Espazo do centro<br>Software específico. | Número de contidos creados            | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Pendente</b>  |                    |  |
| <b>AO 4.4: Publicación dos contidos creados na Aula Virtual</b>              | Todos e todas as participantes   | Xuño 2023                | Equipos Informáticos<br>Aula Virtual                             | Porcentaxe de profesorado que publica | <b>Realizada</b> |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Aprazada</b>  |                    |  |
|  |  |                          |  |                                       | <b>Pendente</b>  |                    |  |

## 4 Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, farase da seguinte forma:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5 Difusión do plan

Este Plan será dado a coñecer ao Claustro e aprobado polo Consello Escolar.

Estará dispoñible na web do centro (no apartado “documentos”) para toda a comunidade educativa.